



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

Segundo a información recibida con data 5 de abril de 2022 asinada pola Xerente do Inorde sobre o “procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo de explotación do bar complexo da estación dos Peares (A Peroxa)” e unha vez detalladas as fases e datas expostas, e tamén tendo en conta os puntos recollidas nos documentos administrativos e a data de adxudicación,

Copia da solicitude presentada por calquer institución, asociación ou persoa para a apertura do local do bar da estación para a celebración dun acto celebrado o pasado 2 de abril de 2022 e que mesmo foi noticia nos diferentes xornais tanto provinciais como mesmo nacionais, e no caso de ser concedido ese permiso de apertura tamén copia do mesmo.

En Ourense, a 18 de abril de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE